

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 29 de decembro de 2016

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D. Angel Rivas González.
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D^a. Olga Alonso Suárez
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

Invitados

D. Santos Hector Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e vinte e cinco minutos do día vinte e nove de decembro de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretario o concelleiro, Sr. Rodríguez Escudero, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1388).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1389).- BASES DO “PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN- 2017”. EXPTE. 132218/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 19/12/16, e o informe de fiscalización do 28/12/16, dáse conta do informe-proposta de data 19/12/16, asinado polo xefe de Área de Benestar Social, a concelleira delegada de Política Social e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. FUNDAMENTO NORMATIVO E COMPETENCIAS MUNICIPAIS.

A Constitución española de 1978 consagra, no seu Art. 39, o deber dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.

Pola súa parte, o Estatuto de Autonomía de Galicia lexitima a actuación legislativa da Comunidade Autónoma no eido da protección da familia, infancia e adolescencia, nos títulos competenciais xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario (Art. 27 EAG).

A normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro).

A L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»*; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das fendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

Mais especificamente, xa no eido da normativa sectorial, a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia, atribúelle ás Corporacións locais a creación e xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándose como servizos de carácter integrador e principal instancia do sistema galego de servizos sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación socio-laboral e habilita expresamente ós concellos para conceder axudas económicas destinadas a paliar situacións transitorias de necesidade, garantir un mínimo de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social.

En definitiva, as atribucións competenciais do Concello de Vigo para intervir neste ámbito derivan tanto da lexislación de réxime local como da normativa sectorial específica autonómica en materia de servizos sociais; nomeadamente, na L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, na L.10/2013, do 27 de novembro, de Inclusión social e na L.3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia.

II. A POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL EN MATERIA DE AXUDAS A PERSOAS E FAMILIAS EN SITUACIÓN DE NECESIDADE.

Os servizos sociais do Concello de Vigo, tanto os comunitarios básicos como os específicos, traballan desde hai moitos anos co obxectivo de garantir a atención das necesidades básicas do conxunto da cidadanía, especialmente dos colectivos con maiores dificultades de inserción, prestando unha atención integral ás persoas baseada no esforzo da súa autodeterminación e a potenciación dos seus propios recursos e os do seu contorno familiar e comunitario.

Con esta finalidade promove anualmente, a través da Concellería delegada da Área de Política de benestar, unha convocatoria de axudas de emerxencia como parte da resposta ás carencias detectadas na cobertura das necesidades sociais básicas de aloxamento, alimentos, gastos de atención sanitaria non cubertos polo sistema público de saúde, etc.

Nun contexto xeral de grave crise económica como a que se está a padecer desde hai anos, o Concello de Vigo considera necesario complementar esas axudas de emerxencia poñendo a disposición das persoas e familias necesitadas uns recursos económicos que lles permitan facer fronte, alomenos parcialmente, ós gastos derivados do uso da vivenda habitual, da compra de alimentos e dos subministros básicos do fogar, procurando evitar os desafiuzamentos derivados da falta de pagamento do aluguer ou do crédito hipotecario, as carencias básicas de alimentación e as situacións de «pobreza enerxética», que mesmo poderían imposibilitar o normal uso e goce da vivenda.

Para estes efectos, nos orzamentos municipais de 2017 figura unha partida destinada especificamente a cubrir este tipo de necesidades sociais básicas. A regulamentación do procedemento de concesión das axudas e dos criterios de selección e valoración das solicitudes constitúen o obxecto fundamental das Bases, que se insiren no marco xurídico prefigurado pola normativa reguladora das subvencións públicas e se formulan de acordo cos criterios normativos e regulamentarios aprobados polo Concello de Vigo de forma específica, en relación coas subvencións, nas Bases de execución orzamentaria.

III. O «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2017».

A L.9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, establece que poderán obter a condición de beneficiarios as persoas ou entidades que se atopen na situación que fundamenta a concesión da subvención ou nas que concorran as circunstancias previstas nas bases reguladoras e na convocatoria, debendo xustificar perante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións determinantes da concesión (Arts. 10.1 e 11 LSG e, en termos semellantes: Arts. 11.1 e 14.1 LXS).

As subvencións que se concedan en atención á concorrencia dunha determinada situación no perceptor non requirirán outra xustificación que a acreditación, por calquera medio admi-

sible en dereito, da situación previamente á concesión, sen prexuízo dos controis que puidesen establecerse para verificar a súa existencia (Arts. 28.9 LSG e 30.7 LXS).

A teor do exposto, perante a intervención xeral municipal o que habería que xustificar é a concorrencia da situación socio-económica dos solicitantes establecida nas Bases como presuposto do outorgamento das axudas. En calquera caso, a maiores, a Concellería de Política Social considera necesario verificar o seu destino e aplicación ós fins previstos e, con este obxectivo, establécese nas Bases un determinado sistema de aboamento e de xustificación destas axudas, o que deberá permitir comprobar a súa efectividade e a correcta utilización dos recursos públicos.

Unha vez cumpridos os requisitos fixados para obter a condición de beneficiario, as contías a percibir por cada persoa ou unidade de convivencia serán calculadas tendo en conta número de membros, ingresos, gastos de aloxamento e persoas cunha discapacidade igual ou superior ó 65%.

Inclúense tamén criterios de prioridade no destino destas axudas, encamiñadas principalmente a solventar un dos problemas máis graves hoxendía das persoas e familias, como é o mantemento da vivenda habitual, evitando no posible as dramáticas consecuencias derivadas dos procesos de desafuzamento hipotecario ou por falta de pagamento da renda.

O procedemento de concesión das axudas previsto nas Bases pode esquematizarse do seguinte xeito:

–Os solicitantes deben cumprir os requisitos socio-económicos establecidos para adquirir a condición de beneficiario.

–A ditos solicitantes asignaráselles unha puntuación en función da situación persoal ou da unidade de convivencia, segundo os criterios obxectivos das Bases.

–O crédito previsto para financiar o Programa (1.600.000€) dividirase entre o total dos puntos obtidos polos beneficiarios, dando así como resultado o valor económico de cada punto, que se multiplicará pola puntuación obtida por cada beneficiario para o cálculo da axuda a percibir. Reservarásese o resto da dotación da partida (40.000€) para atender ás posibles reclamacións que se presenten.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar as Bases do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2017» elaboradas polo Departamento de Benestar social do Concello de Vigo.

SEGUNDO: Autorizar o gasto de 1.640.000 € para financiar este Programa, con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02 (“Axudas alugueiro vivenda, alimentos e c. Enerxética”), da seguinte forma:

- 1.600.000 € destinaráanse, nunha primeira resolución, a resolver todas as solicitudes seleccionadas.

- 40.000 € destinaranse a atender os eventuais recursos dos solicitantes. Para o caso de que non se esgotase a totalidade do crédito previsto, os saldos sobrantes pasarían a integrar a partida correspondente ó «Programa contra desafiuzamentos e de emerxencia social para o ano 2017», tamén xestionado polo Departamento de Benestar social.

TERCEIRO: O expediente tramitarase como anticipado de gasto, condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no orzamento municipal para o exercicio de 2017.

CUARTO: Aprobar, para os efectos do disposto nos Arts. 17.3.b), 18, 20.8 e 23.2 da LXS, a convocatoria destas axudas e o seu extracto, que deberá ser publicado no BOP de Pontevedra por conduto da BDNS, con indicación do Boletín oficial no que se publiquen as Bases. Remitiranse tamén á BDNS os datos esenciais que permitan identificar as axudas convocadas (“*datos estruturados*”).

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2017»

BASES

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

Tanto a Declaración Universal de Dereitos humanos como o Pacto Internacional de Dereitos económicos, sociais e culturais consagraron o dereito de toda persoa a un nivel de vida adecuado que lle asegure a él, así como á súa familia, a saúde e o benestar e, en especial, a alimentación, o vestido, a vivenda, a asistencia médica e os servizos sociais necesarios, debendo os Estados tomar as medidas apropiadas para garantir a efectividade dese dereito (Arts. 25 DUDH e 11.1 PIDESC).

Especificamente, en relación coa protección da familia, establecen o deber de concederlle a máis ampla protección e asistencia posibles por parte da sociedade e do Estado (Arts. 16.3 DUDH e 10 PIDESC).

A Constitución española de 1978 sinala que as normas relativas ós dereitos fundamentais e ás liberdades que a Constitución recoñece interpretaranse conforme á Declaración Universal dos Dereitos humanos e ós tratados e acordos internacionais sobre as mesmas materias ratificados por España e, asumindo aqueles contidos, obriga ós poderes públicos a crear as condicións necesarias para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social (Arts. 9, 10.2 e ccdtes. CE/1978).

Ademais, no marco dos principios rectores da política social e económica, inclúe un mandato específico tendente a asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, regu-

la o dereito de todos os españois a gozar dunha vivenda digna e axeitada e ordea ós poderes públicos promover as condicións necesarias e establecer as normas pertinentes para faceren efectivo este dereito (Arts. 39 e 47 CE/1978).

II

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo dispón o artigo 27.23 do seu Estatuto de Autonomía, ten competencia exclusiva en materia de servizos sociais e, facendo uso desa atribución, regulou e desenvolveu o sistema galego de servizos sociais, que ten como norma principal a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia.

Esta lei define os servizos sociais como servizo público destinado a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación mediante intervencións que permitan, entre outros obxectivos, facilitar recursos e itinerarios de integración social a quen se encontra en situación ou risco de exclusión social.

Atribúelle ás Corporacións locais a creación e xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándose como servizos de carácter integrador e principal instancia do sistema galego de servizos sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación socio-laboral e habilita expresamente ós concellos para conceder axudas económicas destinadas a apoiar o coidado dos menores, paliar situacións transitorias de necesidade, garantir un mínimo de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social.

Por outra banda, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, pretende garantir a protección total da familia; en especial, a das familias valoradas de especial consideración, ás que se lles asegura un trato preferente nos ámbitos educativos, da vivenda, cultura, novas tecnoloxías, etc., atribuíndolle competencias ós municipios para a execución de programas e proxectos destinados á atención das familias.

Finalmente, a Lei 10/2013, do 27 de novembro, de Inclusión social de Galicia, atribúe tamén ós Concellos desta Comunidade Autónoma unha serie de funcións na implantación e desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios básicos, cooperando coa Xunta de Galicia en materias tales como a detección das persoas en situación de exclusión social ou a implementación dos programas e prestacións previstos na lei; nomeadamente, a RISGA e as axudas de inclusión social.

III

De acordo coa nova redacción do Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local (LRBRL), o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «*avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social*»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da activida-

de de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das fa-cendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

En definitiva, as atribucións competenciais do Concello de Vigo para intervir neste ámbito derivan tanto da lexislación de réxime local como da normativa sectorial específica autonómica en materia de servizos sociais.

IV

Os servizos sociais do Concello de Vigo, tanto os comunitarios básicos como os específicos, traballan desde hai moitos anos co obxectivo de garantir a atención das necesidades básicas do conxunto da cidadanía, especialmente dos colectivos con maiores dificultades de inserción, prestando unha atención integral ás persoas baseada no esforzo da súa autodeterminación e a potenciación dos seus propios recursos e os do seu contorno familiar e comunitario.

Con esta finalidade promove anualmente, a través da Concellería delegada da Área de Política Social, unha convocatoria de axudas de emerxencia como parte da resposta ás carencias detectadas na cobertura das necesidades sociais básicas de aloxamento, alimentos, gastos de atención sanitaria non cubertos polo sistema público de saúde, etc.

Nun contexto xeral de grave crise económica como a que se está a padecer desde hai anos, o Concello de Vigo considerou necesario complementar esas axudas de emerxencia poñendo a disposición das persoas e familias necesitadas uns recursos económicos que lles permitisen facer fronte, alomenos parcialmente, ós gastos derivados do uso da vivenda habitual, da compra de alimentos e dos subministros básicos do fogar, procurando evitar os desafiuzamentos derivados da falta de pagamento do aluguer ou do crédito hipotecario, as carencias básicas de alimentación e as situacións de «pobreza enerxética», que mesmo poderían imposibilitar o normal uso e goce da vivenda.

Para estes efectos, nos orzamentos municipais de 2017 figura unha partida por importe de 1.640.000€ destinada, especificamente, a cubrir este tipo de necesidades sociais básicas.

A regulamentación do procedemento de concesión das axudas para o exercicio de 2017 e dos criterios de selección e valoración das solicitudes constitúen o obxecto fundamental destas Bases, que se insiren no marco xurídico prefigurado pola normativa reguladora das subvencións públicas e se formulan de acordo cos criterios normativos e regulamentarios aprobados polo Concello de Vigo de forma específica, en relación coas subvencións, nas Bases de execución orzamentaria.

BASES

Primeira.- Obxecto.

Estas Bases teñen por obxecto fixar os criterios e determinar o procedemento para a concesión de axudas económicas de carácter extraordinario e finalista destinadas ó pagamento dos gastos de aloxamento, subministros e alimentación das persoas e unidades de convivencia que se atopen nunha situación de precariedade económica que lles impida asumir ordinariamente estes gastos.

Segunda.- Destinatarios.

O «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2017» diríxese a aquelas persoas individuais e unidades de convivencia que se atopen en situación de necesidade social, teñan residencia efectiva e estean empadroadas no Concello de Vigo cunha antigüidade mínima de tres (3) anos. Aínda que só un dos integrantes da unidade figure como beneficiario da axuda, esta concederáse sempre en beneficio de toda ela.

Terceira.- Definicións.

- «*Unidade de convivencia*»: para os efectos destas Bases, entenderase por tal o conxunto de persoas que convivan no mesmo domicilio e se atopen vinculadas coa persoa solicitante por matrimonio ou relación análoga de afectividade, por adopción, acollemento ou parentesco de consanguinidade ata o cuarto (4º) grao ou de afinidade ata o segundo (2º) grao. Con todo, cando nunha mesma unidade de convivencia existan unha ou máis unidades familiares con menores ó seu cargo, considerarase que cada unha delas constitúe unha unidade de convivencia independente.

- «*Situación de necesidade social*»: entenderase que unha persoa ou unidade de convivencia está nesta situación cando a suma dos seus ingresos, descontados os custos de aloxamento, non acade o nivel de renda establecido na Táboa 1.1 destas Bases.

- «*Renda da unidade de convivencia*»: obterase sumando os ingresos netos mensuais (os que poidan xustificarse no momento da solicitude) de cada un dos seus membros e deducindo os gastos xustificadas en concepto de aloxamento da vivenda que constituía o seu domicilio habitual, cos máximos que se fixan nestas Bases.

Cuarta.- Réxime de concesión.

A concesión destas axudas realizarase en réxime de concorrencia, de acordo cos principios de publicidade e obxectividade e conforme cos criterios e o procedemento establecidos nestas Bases, ata esgotar o crédito dispoñible.

Quinta.- Crédito orzamentario.

A concesión das prestacións axustarase no seu conxunto á aplicación orzamentaria da Concellería de Política Social nº 2310.480.00.02 («*Axudas alugueiro vivenda, alimentos e c. Enerxética*») dotada con 1.640.000,00 €, da seguinte forma:

- 1.600.000 € destinaráanse, nunha primeira resolución, a resolver todas as solicitudes seleccionadas.
- 40.000,00 € destinaranse a atender os eventuais recursos dos solicitantes. Para o caso de que non se esgotase a totalidade do crédito previsto, os saldos sobrantes pasarían a integrar a partida correspondente ó «Programa contra desafiuzamentos e de emerxencia social para o ano 2017», tamén xestionado polo Departamento de Benestar social.

Sexta.- Gastos subvencionables e compatibilidade con outras axudas.

6.1. Serán subvencionables os seguintes gastos:

a) Gastos de aloxamento da vivenda habitual, situada no termo municipal de Vigo.

Inclúe:

- Gastos de aluguer, cando existan garantías de continuidade na vivenda.
- Amortización de créditos hipotecarios da vivenda habitual.
- Aloxamentos provisionais (pensións, hostais, etc.).

b) Non inclúe:

- Gastos de comunidade.

c) Alimentación (agás bebidas alcohólicas).

d) Subministrados: enerxía eléctrica e gas de vivendas situadas no termo municipal de Vigo.

6.2. Estas axudas extraordinarias serán compatibles con outras que se poidan outorgar para o mesmo fin e que veñan a complementar o importe concedido. En ningún caso a suma de todas elas poderá superar o importe estimado do custo das necesidades por cubrir.

Sétima.- Requisitos.

7.1. Os requisitos que deberán cumprir os beneficiarios serán os seguintes:

1º.- Que o solicitante resida e estea empadroado no Concello de Vigo cunha antigüidade acumulada mínima de (3) anos desde a publicación da convocatoria destas axudas extraordinarias. No caso das persoas estranxeiras, deberán contar co correspondente certificado de inscrición no Rexistro Central de Extranxeiros ou, de ser o caso, coa tarxeta ou permiso de residencia, segundo corresponda.

2º.- Que todos os membros da unidade estean compartindo vivenda co solicitante o día un (1) do mes anterior ó da publicación da convocatoria, de acordo co Padrón Municipal de Habitantes.

3º.- Que ningún membro da unidade de convivencia renunciase a calquera axuda ou dereito de prestación regulado a que puidese ter acceso ou tivese perdido o dereito ós mesmos por causas imputables ó beneficiario. Nestes casos, teranse en conta como ingresos os impor-

tes das axudas ou dereitos perdidos por renuncia ou perda do dereito imputable ós interesados.

4º.- Que ningún membro da unidade dispoña en propiedade de ningún ben inmovible que non sexa o domicilio habitual.

5º.- Que as rendas da persoa ou unidade de convivencia, unha vez descontado o custo mensual representado polos gastos de aloxamento (debidamente acreditados e cos máximos establecidos), non superen os límites da seguinte táboa:

TÁBOA 1.1
INGRESOS MÁXIMOS UNIDADE DE CONVIVENCIA
(descontados os gastos de aloxamento)

	Nº DE MIEMBROS					
	1	2	3	4	5	6 ou máis
INGRESOS	275,00	325,00	400,00	450,00	500,00	550,00

7.2. Os gastos mensuais de aloxamento que poderán deducirse dos ingresos serán os recollidos na seguinte táboa:

TÁBOA 1.2
GASTOS DE ALOXAMENTO
(importes máximos admitidos)

	Nº DE MIEMBROS					
	1	2	3	4	5	6 ou máis
Max. Alquiler	225,00	325,00	350,00	400,00	450,00	475,00

Nos casos en que residan na mesma vivenda máis de dúas (2) unidades de convivencia, o gasto de aloxamento deducible será o resultado de dividir o seu custo entre o número de persoas maiores de idade que convivan nela, multiplicado polo número de membros de cada unidade.

7.3. A ocultación de calquera fonte de renda dará lugar á denegación ou revogación da axuda solicitada ou concedida e á prohibición de obter outras axudas da mesma natureza durante os prazos fixados, en función da gravidade da infracción, na normativa reguladora das subvencións públicas.

7.4. Tendo en conta a natureza destas axudas sociais extraordinarias e a situación de necesidade das persoas destinatarias, ó abeiro do disposto no Art. 13.2 la LXS (L.38/2003), exceptúase o requisito de acreditar o cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social para obter a condición de beneficiario/a das mesmas.

Oitava.- Obrigas.

Serán obrigas das persoas beneficiarias destas axudas:

- a) Colaborar activamente no proceso de xestión e aboamento das axudas e destinalas ós fins para os que foron concedidas, procedendo o seu reintegro en caso contrario.
- b) Facilitar toda a información que fose requirida pola Concellería de Política Social, Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
- c) Permitir e facilitar as posibles actuacións de inspección dos servizos sociais municipais.
- d) As demais obrigas especificadas na normativa reguladora das subvencións públicas.

Novena.- Solicitude e documentación.

9.1. As solicitudes das axudas, acompañadas da documentación esixida, presentaranse no modelo oficial que figura como Anexo I. Estarán debidamente cubertas e asinadas pola persoa solicitante (maior de idade ou emancipada) e o resto dos membros maiores de idade que formen a unidade de convivencia.

9.2. Só se aceptará unha solicitude por persoa ou unidade de convivencia. No caso de que se presenten mais dunha solicitude serán acumuladas, tramitándose a primeira presentada no Rexistro xeral municipal.

9.3. Xunto coa solicitude, achegarase a seguinte documentación:

a) Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte en vigor do solicitante e dos membros maiores de 18 anos. No caso de estranxeiros, ademais:

-Cidadáns da Unión Europea, do Espazo Económico Europeo, Suíza e os seus familiares: certificado de inscrición no Rexistro Central de Estranxeiros ou, no seu caso, tarxeta de residencia de familiar de cidadán da Unión.

-Cidadáns doutros Estados: autorización de residencia.

b) Fotocopia do libro de familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade, coas súas datas de nacemento.

c) Fotocopia da certificación do grao de discapacidade igual ou maior do 65%, no caso de que algún membro estea afectado por ela.

d) Declaración do IRPF do último exercicio de todos os membros da unidade de convivencia (*)

e) Certificados actualizados de vida laboral de todos os integrantes da unidade de convivencia (*).

f) De ser o caso, nóminas do mes anterior ó da publicación da convocatoria de todos os membros da unidade de convivencia. No caso de traballadores autónomos, achegarase a última declaración trimestral de IVE.

g) De ser o caso, certificado de pensións da Seguridade Social, subsidio de desemprego, RISGA ou de calquera outra prestación pública que se estea a percibir por calquera dos membros da unidade de convivencia (terase en conta a *data de efectos económicos*). (*)

(*) A documentación reseñada nos apdos. d), e) e g) só deberá presentala a persoa solicitante se non autoriza ó Concello de Vigo para obter directamente doutras Admóns. e organismos públicos e privados a información necesaria para tramitar e resolver as solicitudes, incluída a AEAT.

h) De ser o caso, sentenza xudicial de separación ou divorcio e reclamación de pagamento das pensións debidas en virtude da mesma e non satisfeitas. Se a persoa solicitante está a aboar pensión/s de alimentos, para que sexa de aplicación o disposto na Base 14.5 deberá achegar tamén a xustificación documental do seu pagamento, preferentemente mediante transferencia bancaria.

i) De ser o caso, contrato de aluguer ou documentación xustificativa deste ou dos gastos realizados en concepto de amortización de hipoteca da vivenda habitual. Se non constase xa no propio contrato, achegarase certificación bancaria co IBAN da conta do arrendador. Calquera cambio na documentación relativa ó arrendamento deberá ser notificada de inmediato á oficina tramitadora destas axudas.

Excepcionalmente, en ausencia de contrato escrito de aluguer, poderá probarse a existencia dunha relación arrendaticia verbal demostrando a ocupación legal e continuada da vivenda (p.ex. mediante certificado de empadramento e pagamento dos subministros: auga, luz, gas...) e o aboamento á arrendadora dunha renda en concepto de aluguer, o que poderá acreditarse:

- Cos xustificantes das transferencias bancarias correspondentes ós dous meses anteriores á convocatoria; ou,

- Con dous recibos das entregas realizadas en concepto de aluguer, nos que consten os seguintes datos: concepto, mensuralidade, importe e identificación da parte arrendadora (nome e apelidos, DNI e sinatura). Neste caso, xunto cos "*recibín*" achegarase tamén un certificado actualizado da conta bancaria do arrendador (IBAN), para poder efectuar nela o ingreso da axuda de aloxamento.

- Mediante declaración responsable asinada polo arrendador na que se recoñeza o pagamento do aluguer da vivenda ou, de ser o caso, os importes pendentes (Anexo II). Achegárase tamén o certificado de conta bancaria para poder realizar o pagamento.

j) Calquera outra documentación que xustificadamente sexa requirida polo Departamento de Benestar social para poder tramitar, valorar e resolver as solicitudes de axudas.

Décima.- Presentación de solicitudes e prazo.

10.1. Os interesados poderán presentar as súas solicitudes de axudas a través do Rexistro xeral municipal (Praza do Rei, 1), en horario de 09:00h a 13:30h, de luns a venres, ou por calquera dos medios previstos no Art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas (LPACAP).

10.2. O prazo de presentación será de vinte (20) días hábiles, contado desde o seguinte á publicación oficial do extracto da convocatoria na forma e nos termos previstos na LXS (Arts. 17.3.b], 18 e 20.8.a]) en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións - BDNS (Resolucións IGAE do 7, 9 e 10 de decembro de 2015). Así mesmo publicarase no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, nas Unidades de Tráballo Social (UTS) e na páxina web

do Concello de Vigo www.vigo.org debendo inserirse no “Portal de Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo <http://transparencia.vigo.org>

Décimo primeira.- Instrucción do procedemento e subsanación das solicitudes.

A instrucción do procedemento de concesión das axudas correspóndelle ó Departamento de Benestar social, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa e, se fose necesario, requirirá para que no prazo de dez (10) días hábiles se subsane a solicitude ou complete a documentación perceptiva (Art. 68 LPACAP), coa advertencia de que, de non facelo así, teráselle por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do Art. 21 LPACAP.

Décimo segunda.- Comisión técnica de valoración.

A Comisión técnica de valoración destas axudas estará presidida pola Concelleira de Política Social e integrada polo Xefe de Área, a Xefa do Servizo e a técnica de actividades económicas do Departamento, que actuará como secretaria.

Décimo terceira.- Tramitación e resolución das solicitudes de axudas.

13.1. Os responsables da instrucción do procedemento avaliarán as solicitudes de conformidade cos criterios aplicables e realizarán a valoración da axuda a percibir de acordo con estas Bases. Tamén farán constar expresamente que da información que obra no seu poder resulta que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás axudas.

13.2. Rematada a instrucción do expediente, remitíraselle á Comisión técnica de valoración.

13.3. A proposta de resolución conterá unha relación con todos os solicitantes que participaron na convocatoria e a proposta que proceda:

- *Concedidas*: reseñarse a axuda de cada beneficiario, tendo en conta que o importe total das mesmas non pode superar o crédito consignado.
- *Denegadas*: farase constar sempre a causa da denegación.

13.4. A Xunta de Goberno Local, por proposta do instructor do procedemento e previo informe da Comisión de valoración, acordará a aprobación definitiva das axudas con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02 do orzamento de Benestar social do Concello.

13.5. O prazo máximo para resolver e publicar a resolución do procedemento non poderá exceder de tres (3) meses, contado desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución lexítima ós interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.

13.6. Unha vez resolto o procedemento, publicarase na paxina web municipal, no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello e nas UTS a información relativa ás persoas beneficiarias (só identificadas co número de documento da solicitude e DNI), axudas concedidas ou denegadas e á súa contía. Ademais, o Concello deberá facilitar a información procedente á Base de Datos Nacional de Subvencións.

Décimo cuarta.- Criterios de distribución das axudas.

14.1. A cantidade prevista (1.600.000€) repartirase entre os beneficiarios proporcionalmente á puntuación obtida (Táboa 2) en función dos membros da unidade de convivencia e dos ingresos acreditados.

14.2. Para a consideración dos ingresos das persoas e unidades de convivencia teranse en conta os ingresos do mes anterior ó da publicación da convocatoria, descontado o custo do aloxamento dese mes e cos máximos establecidos na Táboa 1.2.

14.3. A Comisión técnica de valoración, aplicando o baremo da Táboa 2, asignará puntuacións obxectivas a cada persoa ou unidade de convivencia solicitante. O crédito total dispoñible dividirase entre a suma de puntos obtidos por todas as persoas e unidades seleccionadas, asignando un valor económico a cada punto.

O valor económico do punto multiplicarase polos puntos obtidos por cada persoa ou unidade, sendo o resultado a contía económica total a percibir.

14.4. Para os efectos do cálculo dos ingresos da unidade de convivencia computaranse os ingresos de todos os membros que convivan no mesmo domicilio aínda que non cumpran coa antigüidade no PMH. Con todo, as persoas que non cumpran este requisito das Bases non serán tidas en conta para determinar a puntuación da súa unidade de convivencia.

14.5. Para os efectos de asignación da puntuación que proceda, as persoas solicitantes que acrediten o aboamento efectivo de pensións de alimentos ós seus fillos en virtude de convenio regulador-sentenza xudicial, poderán computar como un membro máis da súa unidade de convivencia a cada un dos fillos que reciban esa pensión. A acreditación fidedigna desta circunstancia (preferentemente mediante transferencia bancaria na que consten todos os datos identificativos necesarios) deberá corresponder ó mes anterior ó da publicación da convocatoria.

14.6. Se na unidade de convivencia convivisen persoas cunha discapacidade recoñecida igual ou superior ó 65% sumaranse, adicionalmente, catro (4) puntos máis por cada unha delas.

14.7. A mesma puntuación adicional aplicarase no caso de que sexa o solicitante, persoa individual, o afectado por ese grao de discapacidade.

14.8. Os membros nados ou adoptados nos tres (3) anos anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes computarán como un (1) membro mais da unidade de convivencia. O mesmo criterio aplicarase para situacións familiares semellantes (menores acollidos, supostos de reagrupamento familiar...).

TÁBOA 2

INGRESOS	Nº DE MEMBROS					
	1	2	3	4	5	6 ou máis
-475 -451	20	26	30	34	38	41
-450 -401	20	26	30	34	38	40
-400 -351	20	26	30	34	36	38
-350 -301	20	26	30	32	34	36
-300 -251	20	25	28	30	32	34
-250 -201	20	23	26	28	30	32
-200 -151	19	21	24	26	28	30
-150 -101	17	19	22	24	26	28
-100 -51	15	17	20	22	24	26
-50 -0	13	15	18	20	22	24
1 a 50	11	13	16	18	20	22
51 a 100	9	11	14	16	18	20
101 a 150	7	9	12	14	16	18
151 a 200	5	7	10	12	14	16
201 a 250	3	5	8	10	12	14
251 a 300	1	3	6	8	10	12
301 a 350	—	1	4	6	8	10
351 a 400	—	—	2	4	6	8
401 a 450	—	—	—	2	4	6
451 a 500	—	—	—	—	2	4
501 a 550	—	—	—	—	—	2

Décimo quinta.- Aboamento das axudas.

15.1. Unha vez resolta a convocatoria mediante acordo da Xunta de Goberno Local, notifícase a todas as persoas interesadas a resolución, estimatoria ou desestimatoria, das súas solicitudes. A partir dese momento, as que resulten beneficiarias disporán do prazo máximo dun (1) mes para comparecer na oficina administrativa tramitadora destas axudas para recoller os medios de pagamento da subvención (tarxetas sociais e cheques) e asinar os correspondentes documentos de entrega. Tendo en conta a seu carácter de axudas sociais extraordinarias e as necesidades básicas e inmediatas que con elas téntanse satisfacer, o incumprimento inxustificable dese prazo, por causa imputable á persoa beneficiaria, dará lugar á perda do dereito ó cobro da subvención.

15.2. Se o beneficiario NON tivese concedida subvención con cargo a calquera programa de axudas ó alugueiro, a contía da axuda municipal concedida aplicarase do seguinte xeito:

a) Se acreditou gastos de aloxamento:

O 70% da axuda concedida adicarase a aboar os atrasos de aluguer/hipoteca e as mensualidades posteriores á resolución de concesión da axuda, ata o mes de decembro de 2017 (preferentemente mediante transferencia bancaria ó arrendador).

- O 15% destinarase ó pagamento de gastos de subministros, mediante cheque bancario.
- O 15% restante será aboado mediante ingreso nunha tarxeta social pre-pagamento, para a compra de alimentos.

b) De non existir ou non poder acreditar os custos de aloxamento:

- O 40% do importe concedido, entregarase mediante cheque bancario para subministros.
- O 60% restante, mediante tarxeta social pre-pagamento, para a compra de alimentos.

15.3. Se o beneficiario SÍ tivese concedida subvención con cargo a calquera programa de axudas ó alugueiro, a contía da axuda municipal concedida aplicarase do seguinte xeito:

15.4. O 70% da axuda concedida adicarase a aboar os atrasos de aluguer/hipoteca e as mensualidades posteriores á resolución de concesión da axuda, ata o mes de decembro de 2017 (preferentemente mediante transferencia bancaria ó arrendador). Nestes casos a contía mensual que aboará o Concello será a diferenza entre o alugueiro e as outras axudas concedidas para o alugueiro. Estas circunstancias e as cantidades deberán ser comunicadas polos solicitantes antes da data de resolución das axudas. De non facelo, aboarase como se non tivesen concedidas outras axudas de alugueiro.

- O 15%, mediante cheque bancario para o aboamento de subministros.
- O 15% restante, mediante tarxeta social pre-pagamento, para a compra de alimentos.

15.5. Por razóns operativas, non se aboarán mediante transferencia ou cheque bancario aquelas axudas de contía inferior a 15 €. De ser o caso, ingresaránse na tarxeta social.

15.6. Cando a axuda concedida se destine á compra de alimentos, o beneficiario deberá entregar os correspondentes tickets de compra no Departamento de Benestar social no prazo dun (1) mes.

15.7. Os gastos con cargo ás tarxetas sociais terán que realizarse antes do 15 de decembro de 2017.

Décimo sexta.- Revogación e réxime sancionador.

16.1. O incumprimento, total ou parcial, das condicións establecidas nestas Bases e, en especial, o falseamento das condicións requiridas para acceder ás axudas, a utilización destas para finalidades distintas das previstas, o incumprimento da obriga de xustificación ou a duplicidade que infrinxa o regulado nas Bases sobre compatibilidade, constituirán causas determinantes da revogación da axuda concedida, coa conseguinte obriga de reintegro das cantidades e xuros de mora correspondentes e da perda do dereito a solicitar estas axudas en posteriores convocatorias.

16.2. Canto ó réxime de infraccións e sancións aplicable e ó procedemento para a súa imposición, estarase ó previsto sobre o particular na normativa reguladora das subvencións públicas.

Décimo sétima.- Desenvolvemento.

Facúltase á Concelleira delegada da Área de Política Social para ditar as ordes e instrucións de aplicación que sexan necesarias para o correcto desenvolvemento e execución destas Bases.

Décimo oitava.- Protección de datos e publicidade das axudas concedidas.

Os datos das persoas solicitantes, dos seus representantes e do resto dos integrantes da unidade de convivencia serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das axudas obxecto destas Bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria. Eses datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na LO.15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política Social, perante a que os interesados poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición nos termos establecidos na norma.

Tendo en conta a natureza e obxecto destas axudas de emerxencia social a persoas sen recursos e en aplicación do previsto sobre o particular nos artigos 18.3.d) da Lei 38/2003, 30 do RD.887/2006 e 15.2.d) da Lei 9/2007, non será precisa a publicación da súa concesión, toda vez que a mesma estímase contraria ó respecto e salvagarda do honor e a intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito ó honor, á intimidade persoal e á propia imaxe. Esta restricción aplícase tamén ó Portal da Transparencia do «Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións» (SNPS). Con todo, deberá facilitarse a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Décimo novena.- Recursos.

Contra estas Bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o mesmo órgano que as ditou no prazo dun (1) mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións oficiais.

Vixésima.- Norma final.

En todo aquilo non previsto nestas Bases, serán de aplicación as normas básicas da Lei xeral de subvencións e da Lei de subvencións de Galicia sobre causas de invalidez (Arts. 36 LXS e 32 LSG), causas e réxime de reintegro da subvencións (Arts. 37 LXS e 33 LSG), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, no non previsto, a Lei xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, a lexislación básica do Estado de réxime local, a Lei 9/2007, de

subvencións de Galicia; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

3(1390).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE EQUIPOS PARA A RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE PRODUCCIÓN DE AQS NO PAVILLÓN DO CARME E NO COMPLEXO DEPORTIVO DE BALAIÓDOS. EXPTE. 718/611.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta de data 29/12/16, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 29 de decembro de 2016, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

4.- Proposta de clasificación.

- a) *Procedemento negociado para a contratación do subministro de equipos para renovación das instalacións de produción de AQS no pavillón do Carmen e no complexo deportivo de Balaídos (718-611)*

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde decrecente:

	<i>Empresas</i>	<i>Puntuación oferta económica</i>	<i>Puntuación Garantía</i>	<i>TOTAL</i>
1	<i>COSTAS Y OTERO, S.L. CIF: 36749075.</i>	80	20	100
2	<i>IAN RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS S.L. CIF: B15448004</i>	76,94	20	96,94
3	<i>JOCAR VIGO INSTALACIONES, S.L.U CIF: B36863074</i>	71,23	5,91	77,14

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- 4. Resgardo da garantía definitiva”.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

4(1391).- PAGAMENTO DE DIETAS ESTABLECIDAS POR ASISTENCIAS DOS REPRESENTANTES MUNICIPAIS ÁS SESIÓNS DOS CONSELLOS ESCOLARES DOS CENTROS DE ENSINO PÚBLICO, NO PERÍODO DE SETEMBRO A DECEMBRO DE 2016. EXPTE. 18511/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 28/12/16, dáse conta do informe-proposta de data 23/12/16, asinado polo técnico do Servizo de Educación, a xefa e a concelleira, ambas do Servizo de Educación e o concelleiro-delegado de Facenda, que di o seguinte:

Consonte co establecido na lexislación educativa vixente, a Lei Orgánica da Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) (BOE nº 295 martes 10/décembro/2013) que modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, recolle no seu artigo 126.1.c) que entre os membros que componen o Consello Escolar estará un Concelleiro/a ou representante do Concello do termo municipal onde esté radicado o centro. Igualmente os Concellos, consonte co establecido no artigo 25.2.n) da Lei 27/2103 teñen como competencia propia e responsabilidade legal a conservación, mantemento e vixianza dos colexios públicos, e a LOMCE tamén establece no seu artigo 80 entre as competencias do Consello Escolar de Centro a “promoción da conservación e renovación das instalacións escolares”.

En aras de cumprir esta obriga municipal e segundo acordo da Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 8 de febreiro de 2016, aprobouse entre outros, o nomeamento de Representantes Municipais nos Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público de Educación Infantil, Primaria e Secundaria (Expte 17636/332), e a autorización para que perciban en concepto de asistencias efectivas a cada sesión do órgano colexiado a dieta de 39,78.-€ (TRINTA E NOVE CON SETENTA E OITO EUROS), para a categoría segunda de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos A e B; e a dieta de 36,72.-€ (TRINTA E SEIS CON SETENTA E DOUS EUROS) para a categoría terceira de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos C e D; cantidades homologadas por asistencia e participación en tribunais de oposicións, concursos, ou outros órganos encargados da selección de persoal, consonte co Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servizo.

O referido R.D. recolle nos seus artigos 1.d) / 7.1.a) / 28.1 que : “Darán orixe a indemnización ou compensación as asistencias pola concurrencia, persoal ou por representación, as reunións de Órganos Colexiados da Administración, de Órganos de Administración de Órganos Públicos...”

Tal é o caso dos Consellos Escolares dos Centros Públicos, como Órgano Colexiado de Goberno dos centros de ensino público que dependen da Admón. Educativa Competente, neste caso a Consellería de Educación da Xunta de Galicia, e que permiten participar na xestión dos centros aos distintos membros da comunidade escolar, ademais de constituir a canle para o control e xestión dos fondos públicos.

Tamén recolle no seu artigo 2e) que : “O presente R.D. será de aplicación para o persoal ao servizo das Corporacións Locais, tal e como prevé a súa lexislación específica”.

Contabilizadas as asistencias ós Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público, aportadas polos diferentes representantes municipais, dende o 08 de setembro ate o 20 de decembro dos correntes, elévanse á cantidade de **63** consellos escolares.

Na documentación que acompaña a este expediente, adxúntanse ademais dos xustificantes de asistencia expedidos polos centros de ensino, cada unha das fichas correspondentes ás sesións dos Consellos Escolares desenvolvidas polos representantes municipais, que con posterioridade quedarán arquivadas para a súa pertinente consulta nas dependencias do Servizo de Educación.

Asemade, e a efectos de cómputo, de cada representante municipal relacionase cronolóxicamente a data de asistencia da primeira e última sesión do consello escolar por cada un deles efectuada.

Por todo o anteriormente exposto, solicítase á Xunta de Goberno Local o seguinte:

“Aproba-la cantidade de **2.472,48.-€** en concepto de asistencias ás sesións dos Consellos Escolares no periodo setembro a decembro de 2016, con cargo á **Partida Presupostaria 3230.233.00.00 dietas asistencia consellos escolares**, e desglosadas entre os representantes municipais do seguinte xeito:

Zona 1.- PEDRO MARÍA VÁZQUEZ IGLESIAS, NIF: 11.904.805-M, GRUPO A2 (08/09/2016 - 20/12/16)	12 X 39,78.-€	477,36.-€
Zona 3.- ROSA MARÍA TORRES BOUZAS, NIF: 36.019.300-N, GRUPO C1 (20/09/2016 – 30/11/2016)	7 X 36,72.-€	257,04.-€
Zona 4.- IGNACIO OJEA PÉREZ, NIF: 36.046.809-J, GRUPO A1 (11/10/2016 - 20/12/2016)	13 X 39,78.-€	517,14.-€
Zona 8.- MARIA JOSE FARALDO RIVAS, NIF: 36.056.377-J, GRUPO C2 (14/09/2016 - 05/10/16)	4 X 36,72.-€	146,88.-€
Zona 9.- MARIA JESÚS SANROMÁN VARELA, NIF: 36.018.668-R, GRUPO A2 (26/09/2016 - 13/12/2016)	7 X 39,78.-€	278,46.-€
Zona 10.- MARIA JOSE THOMAS BERBEN, NIF: 8.758.892-D, GRUPO A2 (18/10/2016 - 13/12/2016)	4 X 39,78.-€	159,12.-€
Zona 11.- YOLANDA FAJIN TORRES, NIF: 33.297.554-V, GRUPO A2 (04/10/2016 - 13/12/2016)	8 X 39,78.-€	318,24.-€
Zona 12.- DOLORES GONZALEZ ALONSO, NIF: 36.054.508-F, GRUPO A2 (15/09/2016 - 19/12/2016)	8 X 39,78.-€	318,24.-€

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1392).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO QUE REGULA A COBERTURA DE RISCOS DE FLOTA DE VEHÍCULOS DE MOTOR DE TITULARIDADE DO CONCELLO DE VIGO E PRÓRROGA DO MESMO. EXPTE. 7969/445.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 23/12/16, e o informe de fiscalización do 26/12/16, dáse conta do informe-proposta de data 22/12/16, asinado polo xefe do Servizo do Parque Móbil, o xefe da Área de fomento, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro delegado da Área de fomento e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- Antecedentes

1.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 08/08/2013, aprobou os pregos de cláusulas administrativas e técnicas para a contratación da cobertura do seguro de riscos para a flota de vehículos a motor de titularidade municipal.

2.- A Xunta de Goberno Local en sesión do 10/12/2013, adxudicou a Mapfre Familiar Compañía de Seguros e Reaseguros, S.A., o contrato da cobertura do seguro de riscos para a flota de vehículos a motor de titularidade municipal, por un importe de 411.893.75 €.

3.- Con data 30/12/2013, se asina contrato entre o Concello de Vigo e Mapfre Familiar Compañía de Seguros e Reaseguros, S.A., para a cobertura do seguro de riscos para a flota de vehículos a motor de titularidade municipal. O prazo do citado contrato queda definido dende as 00.00 horas do 01/01/2014 ata as 24.00 horas do 31/12/2015, podendo prorrogarse o contrato por acordo expreso do órgano de contratación por períodos anuais, cun máximo de dúas prorrogas.

4.- Con data 06/11/2015, a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo de "Modificación do contrato de cobertura de riscos da flota de vehículos de motor de titularidade do Concello de Vigo" nas seguintes condicións:

Danse de baixa do contrato orixinal dez (10) vehículos por importe minorado en primas individuais de 10,191,10 €

Danse de alta do contrato orixinal vinteún (21) vehículos por importe incrementado en primas individuais de 20.028,19 €

A diferenza entre os incrementos e as minoracións é de 9.788,19 €, que corresponde co incremento modificado que se aproba do importe anual do contrato.

O porcentaxe desta modificación respecto ao importe anual inicial é de 4,75 % de incremento.

O novo importe do contrato para o ano 2015, terá un importe de 215.735,08 euros.

5.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 23 de decembro de 2015, entre outros asuntos acordou "Aprobar a primeira prórroga do vixente contrato para o aseguramento da

flota municipal (expediente 7969/445), suscrito con MAPFRE FAMILIAR COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGURO S.A CIF A-28141935 con data de sinatura 30 de decembro de 2013, polo período comprendido entre o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2016, e por un prezo máximo de 215.735,08 euros.

6.- Con data 12/02/2016, a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo dunha segunda "Modificación do contrato de cobertura de riscos da flota de vehículos de motor de titularidade do Concello de Vigo" nas seguintes condicións:

Danse de alta do contrato en vigor oito (8) vehículos por importe incrementado en primas individuais de 4.563,07 €

O porcentaxe desta modificación respecto ao importe anual inicial é de 6,97 % de incremento (inclúese o porcentaxe de incremento da primeira modificación do contrato)

O novo importe do contrato para o ano 2016, terá un importe de 220.298,15 euros.

7.- En relación o expediente 7969/445, foi tramitada a "PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO QUE REGULA A COBERTURA DE RISCOS DA FLOTA DE VEHÍCULOS DE MOTOR DE TITULARIDADE DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 7969/445" e a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 29 de xuño de 2016, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro: Dar de baixa dezasete (17) vehículos no contrato da cobertura do seguro de riscos para a flota de vehículos a motor de titularidade municipal segundo exposto no apartado 2 coas condicións económicas anteriormente indicadas:

Nº ORDE	MATRICULA	IMPORTE PRIMA ANUAL
1	PO 5793 O	976,90 €
2	PO 0895 P	976,90 €
3	9750 CSD	663,41 €
4	4217 CRH	780,04 €
5	PO 6178 BJ	2.229,22 €
6	PO 64841	2.352,40 €
	PO 43590	2.352,40 €
8	PO 32901	2.352,40 €
9	9365 DCK	1.072,33 €
10	PO 9133 AB	675,49 €
11	PO 7664 AS	1.072,26 €
12	PO 4622 AD	457,89 €
13	PO 6751 AM	575,46 €
14	7879 FFR	414,42 €
15	2251 BVZ	976,90 €

Nº ORDE	MATRICULA	IMPORTE PRIMA ANUAL
16	PO 7830 AF	621,67 €
17	PO 1277 AH	621,67 €
	TOTAL	19.171,76 €

Segundo: Aprobar a modificación do contrato da cobertura do seguro de riscos para a flota de vehículos a motor de titularidade municipal, adxudicado a Mapfre Familiar Compañía de Seguros e Reaseguros, S.A., de acordo as baixas solicitadas e atendendo aos seguintes datos:

<i>Importe anual inicial do contrato</i>	205.946,89 €
<i>Incremento do contrato aprobado con data 06/11/2015</i>	9.788,19 €
<i>Incremento do contrato aprobado con data 12/02/2016</i>	4.563,07 €
<i>Decremento polo importe das primas individuais dos vehículos que se dan de baixa</i>	-19.171,76 €
Total (novo importe do contrato)	201.126,39 €
<i>Decremento porcentaxe sobre o importe inicial</i>	-2,34%

O novo importe do contrato terá un importe de 201.126,39 euros.

II.- PROPOSTA DE AXUSTES DOS IMPORTES DAS PÓLIZAS,, PRORROGA DO CONTRATO E MODIFICACIÓN PARA A INCLUSIÓN DE NOVOS VEHÍCULOS.

1.- Axustes dos importes das pólizas dos vehículos dados de alta por acordo da XGL en sesión de data 12 de febreiro de 2016:

A proposta aprobada pola Xunta de Goberno Local de 12/02/2016 acorda dar de alta oito (8) vehículos por importe incrementado en primas individuais de 4.563,07 €. Esta proposta de modificación foi realizada sobre un importe da prima total para unha anualidade, polo cal dito importe debe de axustarse o importe real do período de alta, dende o acordo ata o 31 de decembro de 2016. Tendo en conta que o citado importe atopase axustado o periodo real de cobertura do ano 2016, o importe de referencia deberá ser axustado en relación o seguintes datos:

MATRICULA	PÓLIZA	Importe inicial	Importe real 2016	Prima real anual
6492 GBP	2850600007	485,24 €	400,47 €	485,33 €
2144 DGL	2850600015	445,72 €	253,25 €	445,63 €
0546 DZL	2850600008	604,68 €	498,84 €	604,56 €
PO 8235 BK	2850600009	656,97 €	498,84 €	604,56 €
6288 FKB	2850600010	528,26 €	400,47 €	485,33 €
7500 FKC	2850600011	528,26 €	400,47 €	485,33 €
9498 GLT	2850600012	656,97 €	498,84 €	604,56 €
2487 GWY	2850600013	656,97 €	498,84 €	604,56 €
		4.563,07 €	3.450,02 €	4.319,86 €

Polo cal debese minorar a proposta do importe da póliza para o ano 2016 na diferenza de 4.563,07 € menos 3.450,02 €, como importe real das pólizas para o ano 2016. A minorar o importe de 1.113,05 €.

1.- Corrección dos erros materiais da modificación do contrato acordada pola XGL en sesión de data 29 de xuño de 2016:

A proposta de modificación do contrato aprobada pola Xunta de Goberno Local de data 29 de xuño de 2016, contén unha serie de erros en relación os vehículos a dar de baixa e tamén en canto os importes estimados para o calculo da minoración do contrato que necesitan ser revisados e actualizados de acordo os seguintes aspectos:

- a) Para dar de baixa os vehículos propostos de acordo co “Real Decreto Legislativo 8/2004, de 29 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos a motor”, establececese para poder dar de baixa a póliza obrigatoria de responsabilidade civil de un vehículo e que o citado vehículo se atope dado de baixa de forma temporal ou definitiva no “registro de vehículos da Dirección Xeral de Trafico”, cuestión que non cumprían todos os vehículos da relación incluída no acordo da Xunta de Goberno Local de data 29 de xuño de 2016.
- b) En relación os importes económicos indicados para a minoración do contrato, a proposta aprobada na XGL de data 29 de xuño de 2016, recollía o importe integro da póliza para a totalidade do ano 2016, o cal non se corresponde co importe a minorar, o cal debería de estar axustado o período do ano pendente, e non pola totalidade.

En base a estes dous apartados, e necesario proceder a seguinte corrección:

	Matricula	Importe anual	Acordo XGL Baixa	Baixa no Registro de Trafico	Situación real	Importe
1	PO 5793 - O	976,90 €	29/06/2016		No baixa	976,90 €
2	PO 0895 - P	976,90 €	29/06/2016		No baixa	976,90 €
3	9750 - CSD	663,41 €	29/06/2016		No baixa	663,41 €
4	4217 - CRH	780,04 €	29/06/2016		No baixa	780,04 €
5	PO-6178-BJ	2.229,22 €	06/11/2015		No baixa	2.229,22 €
6	PO 64841	2.352,40 €	29/06/2016		No baixa	2.352,40 €
7	PO43590	2.352,40 €	29/06/2016		No baixa	2.352,40 €
8	PO32901	2.352,40 €	29/06/2016		No baixa	2.352,40 €
9	9365 - DCK	1.072,33 €	29/06/2016		No baixa	1.072,33 €
10	PO 9133 - AB	675,49 €	29/06/2016	15/02/2016	BAIXA	-592,45 €
11	PO 7664 - AS	1.072,26 €	29/06/2016		No baixa	1.072,26 €
12	PO 4622 - AD	457,89 €	29/06/2016		No baixa	457,89 €
13	PO 6751 - AM	575,46 €	29/06/2016	19/02/2016	BAIXA	-498,39 €
14	7879 - FFR	414,42 €	29/06/2016	18/04/2016	BAIXA	-292,12 €
15	2251 - BVZ	976,90 €	29/06/2016	18/03/2016	BAIXA	-771,38 €
16	PO 7830 - AF	621,67 €	29/06/2016	22/02/2016	BAIXA	-533,33 €

17	PO 1277 - AH	621,67 €	29/06/2016	19/02/2016	BAIXA	-538,42 €
----	--------------	----------	------------	------------	-------	-----------

Ademais deste axuste e necesario indicar que por erro no proposta acordada o 29/06/2016, non foi incluído por erro a proposta de baixa do vehículo:

	Matricula	Importe anual	Acordo XGL Baixa	Baixa no Rexistro de Tráfico	Situación real	Importe
1	PO 7028 – AD	1.150,20 €		22/02/2016	BAIXA	-996,24 €

Polo cal a proposta final da corrección dos erros da modificación realizada no acordo da XGL do pasado 29/06/2016 corresponde cos seguintes datos:

Importe minorado polo acordo do 29/06/2016	19.171,76 €
Importe real a minorar en relación ao acordo correxido do 29/06/2016	4.222,33 €

<i>Importe anual inicial do contrato</i>	205.946,89 €
<i>Incremento do contrato aprobado con data 06/11/2015</i>	9.788,19 €
<i>Incremento do contrato aprobado con data 12/02/2016</i>	4.563,07 €
<i>Importe do contrato do ano 2016:</i>	220.298,15 €
<i>Minoración prevista polo acordo da XGL do 29/06/2016, da baixa de 17 vehículos</i>	-19.171,76 €
<i>Total (novo importe do contrato)segundo o acordó da XGL do 29/06/2016</i>	201.126,39 €
<i>Minoración real para a corrección dos erros na proposta de modificación do contrato para o ano 2016:</i>	-4.222,33 €
<i>Importe do contrato para o ano 2016 de acordo coa minoración real derivado da modificación do contrato do 29/06/2016. e da minoración do importe referenta as altas do acordo do 12/02/2016</i>	220.298,15 € -4.222,33 € -1.113,05 €
	214.962,77 €
<i>Incremento porcentual sobre o importe inicial do contrato</i>	+4,38 %

2.- PROPOSTA DA PRÓRROGA DO CONTRATO DE ASEGURAMENTO DA FLOTA MUNICIPAL. EXPTE 7969/445.

2.1.- O prego de cláusulas administrativas particulares establece que o prazo do contrato e de dous anos, podendo prorrogarse polo órgano de contratación expresamente por períodos anuais cun máximo de dúas prórrogas. A prórroga así acordada será obrigatoria para o contratista segundo recolle no punto 4 o Prego Cláusulas Administrativas.

2.2.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 23 de decembro de 2015, entre outros asuntos acordou "Aprobar a primeira prórroga do vixente contrato para o aseguramento da flota municipal (expediente 7969/445), suscrito con MAPFRE FAMILIAR COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGURO S.A CIF A-28141935 con data de sinatura 30 de decembro de 2013, polo período comprendido entre o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2016, e por un prezo máximo de 215.735,08 euros.

2.3.- En relación a proposta de corrección de erros materias da proposta de modificación do contrato para o ano 2016, a proposta contemplada no presente expediente, axusta o importe do contrato para a anualidade do 2016 nun importe máximo de **214.962,77 €**.

2.4. A proposta da segunda prórroga do vixente contrato para o aseguramento da flota municipal (expediente 7969/445), suscrito con MAPFRE FAMILIAR COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGURO S.A CIF A-28141935 con data de sinatura 30 de decembro de 2013, para o período comprendido entre o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2017, deberá contemplar os importes integros (para os 12 meses) das pólizas dos vehículos dados de alta no ano 2016. Así mesmo, para a anualidade 2017, o importe do contrato se verá minorado nos importes parcial dos vehiculos dados de baixa durante o ano 2016 polo cal o importe total do contrato para o ano 2017, de acordo co listado que se anexa a este informe, correspóndese cun importe máximo total de **214.897,90 Euros**.

O gasto proposto, correspóndese co importe co principio de sustentabilidade financeira, de acordo o cumprimento da exixencia do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, por entender que dito importe non suporá ningún desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado na proposta de orzamento para o ano 2017 (Aprobado inicialmente por acordo do Pleno desta Corporación Municipal, en sesión extraordinaria do día 21 de novembro do 2016).

Atendendo ao correcto funcionamento do contrato de aseguramento da flota municipal, e atendendo a opción de prórroga do mesmo, considérase procedente propoñer a prórroga do actual contrato.

3.- NOVA PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO PARA A “ALTA” DE NOVOS VEHÍCULOS A PARTIR DO 1 DE XANEIRO DE 2017.

En relación as obrigas derivadas do obxecto deste contrato, na actualidade atopámonos coa necesidade de prever a inclusión no contrato con efectos do 1 de xaneiro de 2017, de tres vehículos de titularidade municipal que teñen, pólizas do seguro obrigatorio que finalizan a data 31 de decembro de 2016. As altas destes vehículos correspóndense cos seguintes datos:

MATRICULA	IMPORTE PRIMA ANUAL
PO-7417-BJ -	601,27 €
7825-JNZ -	2.908,56 €
7677-JKZ -	756,00 €
	4.265,83 €

O PCAP na súa cláusula nº 21 regula que o Órgano de contratación poderá modificar o contrato por novas altas, baixas ou cambios de usos dos vehículos da flota do Concello, cun límite máximo de incremento do custe da póliza polas modificación que non superara o 8,925 % do prezo inicial do contrato.

En base o exposto e tendo en conta que os vehículos referidos deben ter a nova alta do seguro obrigatorio a partir do 1 de xaneiro de 2017, considerase necesario propoñer esta modificación do contrato para o caso da previa aprobación pola Xunta de Goberno Local da proposta sobre a da prorroga do CONTRATO DE ASEGURAMENTO DA FLOTA

MUNICIPAL. EXPTE 7969/445, polo cal o contrato modificado para o ano 2017 deberá incorporar os vehículos indicados neste apartado co seguinte incremento económico:

<i>Importe do contrato para o ano 2016 de acordo coa proposta de prorroga para o ano 2017</i>	214.897,90 €
<i>Incremento do importe derivado da modificación por alta de 3 vehículos</i>	4.265,83 €
NOVO IMPORTE DO CONTRATO para o ano 2017	219.163,73 €
<i>Incremento porcentual sobre o importe inicial do contrato</i>	+6,42 %

4.- Proposta:

Á vista do anteriormente exposto, e co obxectivo de continuar coa tramitación do presente expediente, foi dado traslado da proposta a mercantil MAPFRE FAMILIAR COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGURO S.A CIF A-28141935,, a cal a través de e_mail de data 21/12/22016 manifestou a súa conformidade coa proposta, polo cal previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención, propónse a Xunta de Goberno Local na súa condición de organo de contratación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Acordar a corrección dos erros derivados da proposta de modificación do contrato aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión de data do 29 de xuño de 2016 e axustar os importes definitivos das altas derivadas do acordo da XGL de 12/02/2016 de acordo cos seguintes datos:

	Matricula	Importe anual	Acordo XGL Baixa	Baixa no Registro de Tráfico	Situación real	Importe
1	PO 5793 - O	976,90 €	29/06/2016		No baixa	976,90 €
2	PO 0895 - P	976,90 €	29/06/2016		No baixa	976,90 €
3	9750 - CSD	663,41 €	29/06/2016		No baixa	663,41 €
4	4217 - CRH	780,04 €	29/06/2016		No baixa	780,04 €
5	PO-6178-BJ	2.229,22 €	06/11/2015		No baixa	2.229,22 €
6	PO 64841	2.352,40 €	29/06/2016		No baixa	2.352,40 €
7	PO43590	2.352,40 €	29/06/2016		No baixa	2.352,40 €
8	PO32901	2.352,40 €	29/06/2016		No baixa	2.352,40 €
9	9365 - DCK	1.072,33 €	29/06/2016		No baixa	1.072,33 €
10	PO 9133 - AB	675,49 €	29/06/2016	15/02/2016	BAIXA	-592,45 €
11	PO 7664 - AS	1.072,26 €	29/06/2016		No baixa	1.072,26 €
12	PO 4622 - AD	457,89 €	29/06/2016		No baixa	457,89 €
13	PO 6751 - AM	575,46 €	29/06/2016	19/02/2016	BAIXA	-498,39 €
14	7879 - FFR	414,42 €	29/06/2016	18/04/2016	BAIXA	-292,12 €
15	2251 - BVZ	976,90 €	29/06/2016	18/03/2016	BAIXA	-771,38 €
16	PO 7830 - AF	621,67 €	29/06/2016	22/02/2016	BAIXA	-533,33 €
17	PO 1277 - AH	621,67 €	29/06/2016	19/02/2016	BAIXA	-538,42 €

Aprobar a inclusión da baixa do seguinte vehículo:

	Matricula	Importe anual	Acordo XGL Baixa	Baixa no Rexistro de Trafico	Situación real	Importe
1	PO 7028 – AD	1.150,20 €		22/02/2016	BAIXA	-996,24 €

Axustar os importes das pólizas dos vehículos datos de alta por acordo da XGL do 12/02/2016 en case os seguintes datos:

MATRICULA	PÓLIZA	Importe inicial	Importe real 2016	Prima real anual
6492 GBP	2850600007	485,24 €	400,47 €	485,33 €
2144 DGL	2850600015	445,72 €	253,25 €	445,63 €
0546 DZL	2850600008	604,68 €	498,84 €	604,56 €
PO 8235 BK	2850600009	656,97 €	498,84 €	604,56 €
6288 FKB	2850600010	528,26 €	400,47 €	485,33 €
7500 FKC	2850600011	528,26 €	400,47 €	485,33 €
9498 GLT	2850600012	656,97 €	498,84 €	604,56 €
2487 GWY	2850600013	656,97 €	498,84 €	604,56 €
		4.563,07 €	3.450,02 €	4.319,86 €

Polo cal debese minorar a proposta do importe da póliza para o ano 2016 na diferenza de 4.563,07 € menos 3.450,02 €, como importe real das pólizas para o ano 2016. A minorar o importe de 1.113,05 €.

Polo cal a proposta final da corrección dos erros da modificación realizada no acordo da XGL do pasado 29/06/2016, e das modificación do 12/02/2016, corresponde cos seguintes datos:

Importe minorado polo acordo do 29/06/2016	19.171,76 €
Importe real a minorar en relación ao acordo correxido do 29/06/2016	4.222,33 €

<i>Importe anual inicial do contrato</i>	205.946,89 €
<i>Incremento do contrato aprobado con data 06/11/2015</i>	9.788,19 €
<i>Incremento do contrato aprobado con data 12/02/2016</i>	4.563,07 €
<i>Importe do contrato do ano 2016:</i>	220.298,15 €
<i>Minoración prevista polo acordo da XGL do 29/06/2016, da baixa de 17 vehículos</i>	-19.171,76 €
<i>Total (novo importe do contrato)segundo o acordó da XGL do 29/06/2016</i>	201.126,39 €
<i>Minoración real para a corrección dos erros na proposta de modificación do contrato para o ano 2016:</i>	-4.222,33 €
<i>Importe do contrato para o ano 2016 de acordo coa minoración real derivado da modificación do contrato do 29/06/2016. e da minoración do importe referenta as altas do acordo do 12/02/2016</i>	220.298,15 € -4.222,33 € -1,113,05 €
Prezo do importe máximo do contrato para o ano 2016:	214.962,77 €
<i>Incremento porcentual sobre o importe inicial do contrato</i>	+4,38 %

Sendo o importe máximo do contrato para o exercicio 2016 de **214.962,77 €**.

Dito importe será de aplicación na aplicación orzamentaria 9202.224.00.00 "Seguro de vehículos"

Segundo: Aprobar a segunda prórroga do vixente contrato para o aseguramento da flota municipal (expediente 7969/445), subscrito con MAPFRE FAMILIAR COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGURO S.A CIF A-28141935 con data de sinatura 30 de decembro de 2013, polo período comprendido entre o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2017, e por un prezo máximo de **214.897,90** euros, de acordo co listado que se anexa a este informe, no que se recollen a totalidade dos vehículos incluídos no ámbito do contrato co importes das pólizas pola totalidade do ano.

Dito importe será de aplicación na aplicación orzamentaria 9202.224.00.00 "Seguro de vehículos"

Terceiro: Aprobar a modificación do contrato prorrogado para o ano 2017 da cobertura do seguro de riscos para a flota de vehículos a motor de titularidade municipal, adxudicado a Mapfre Familiar Compañía de Seguros e Reaseguros, S.A., de acordo a obriga de incorporar o citado contrato con efectos do 1 de xaneiro de 2017 os seguintes vehículos de propiedade municipal:

MATRICULA	IMPORTE PRIMA ANUAL
PO-7417-BJ -	601,27 €
7825-JNZ -	2.908,56 €
7677-JKZ -	756,00 €
	4.265,83 €

A presente modificación terá a seguinte incremento do prezo do contrato:

<i>Importe do contrato para o ano 2016 de acordo coa proposta de prórroga para o ano 2017</i>	214.897,90 €
<i>Incremento do importe derivado da modificación por alta de 3 vehículos</i>	4.265,83 €
NOVO IMPORTE DO CONTRATO para o ano 2017	219.163,73 €
<i>Incremento porcentual sobre o importe inicial do contrato</i>	+6,42 %

O novo importe do contrato para o período 1 de xaneiro de 2017 ata o 31 de decembro de 2017, derivada da inclusión de tres novos vehículos ascende a un importe máximo de **219.163,73 €**.

Dito importe será de aplicación na aplicación orzamentaria 9202.224.00.00 "Seguro de vehículos"

Cuarto: A presente modificación do contrato deberá ser formalizada co adxudicatario, procedendo a regularización da fianza conforme ao establecido no contrato.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1393).- SOLICITUDE DE PRÓRROGA DE PRÉSTAMO DE DÚAS OBRAS DE PREGO DE OLIVER Nº INV. 326 E 327. EXPTE. 5423/337.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos e Programas, de data 28/12/16, conformado polo xefe do Servizo de Museos Municipais, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o secretario xeral do Pleno e o concelleiro-delegado de Cultura, que di o seguinte:

Con data 16 de agosto de 2016 a Xunta de Goberno Local autoriza o préstamo temporal das obras que se relacionan a continuación ao Concello de Ourense, con motivo da exposición "Prego de Oliver y la captación de lo eterno" que se celebra na actualidade no museo municipal de Ourense. As datas do préstamo establecéronse, entón, entre setembro e decembro de 2016.

As obras solicitadas en préstamo son as seguintes:

- *Nº inv.: 326*
- *Autor: Manuel Prego de Oliver*
- *Título: A Velliña*
- *Técnica: Óleo/lenzo*
- *Medidas: s/m 91 x 117 cm*
- *Data: 1972*
- *Valor seguro: 18.000 euros*

- *Nº inv.: 327*
- *Autor: Manuel Prego de Oliver*
- *Título: Mendigo*
- *Técnica: Óleo/lenzo*
- *Medidas: s/m 98 x 130 cm*
- *Data: 1973*
- *Valor seguro: 18.000 euros*

O pasado día 26 recíbese no Museo municipal "Quiñones de León" solicitude de prórroga do préstamo temporal destas obras ata o 3 de marzo de 2017. Xa que logo as condicións do préstamo concedido non teñen variado e a cobertura de seguro será ampliada, propónse acceder á solicitude de prórroga do depósito temporal ao Concello de Ourense.

Vistos os antecedentes e dado o interese cultural da exposición así como a oportunidade para a divulgación do patrimonio artístico da colección de arte do Museo municipal "Quiñones de León", este museo propón á Xunta de Goberno Local:

1(1393).- "Autorizar a prórroga do préstamo temporal das seguintes obras:

- *Nº inv.: 326*
- *Autor: Manuel Prego de Oliver*
- *Título: A Velliña*
- *Técnica: Óleo/lenzo*

- *Medidas: s/m 91 x 117 cm*
 - *Data: 1972*
 - *Valor seguro: 18.000 euros*
-
- *Nº inv.: 327*
 - *Autor: Manuel Prego de Oliver*
 - *Título: Mendigo*
 - *Técnica: Óleo/lenzo*
 - *Medidas: s/m 98 x 130 cm*
 - *Data: 1973*
 - *Valor seguro: 18.000 euros*

ao Concello de Ourense, organizador da exposición que celebra o centenario do nacemento do artista e que ten lugar no museo municipal de Ourense ata o próximo día 3 de marzo de 2017 (datas de exposición ata o 26 de febreiro de 2017), data definitiva da desmontaxe da exposición.

2(1393).- A autorización da presente prórroga queda condicionada á remisión da ampliación de póliza de seguro ata a entrega das obras de arte ao museo municipal "Quiñones de León".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7.- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A CESIÓN AO CONCELLO DE VIGO DA TITULARIDADE DA "E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330). LUGAR DE PORTO, ENTRE REGATO QUINTIÁN E O Nº 77 DA ESTRADA DO PORTO", E PARA O FINANCIAMENTO E EXECUCIÓN DAS OBRAS PRECISAS PARA A SÚA TRANSFORMACIÓN E AMPLIACIÓN. EXPTE. 4220/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 27/12/16, e o informe de fiscalización do 28/12/16, dáse conta do informe-proposta de data 27/12/16, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Orzamentario, e o concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 13.12.2016 o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, tendo en conta os motivos expostos na memoria técnica elaborada polo Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos municipal, en data decembro de 2016, resolve iniciar expediente para a elaboración e aprobación de ser o caso por parte do Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra dun convenio para iniciar o procedemento previsto na vixente Lei de Estradas de Galicia para a cesión por parte da Deputación Provincial ao Concello de Vigo da titularidade da *CESIÓN POR PARTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA AO CONCELLO DE VIGO DA TITULARIDADE DA "E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330). LUGAR DE PORTO, ENTRE O*

REGATO QUINTIÁN E O Nº 77 DA ESTRADA DO PORTO, E O FINANCIAMENTO E EXECUCIÓN DAS OBRAS PRECISAS PARA A SÚA TRANSFORMACIÓN E AMPLIACIÓN.

Segundo.- O xefe do Servizo administrativo e control orzamentario da Área de Fomento, co conforme do Concelleiro delegado da Área á vista do protocolo de Colaobración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo para a execución de actuacións estratéxicas en infraestruturas viais e dotacións, redacta a Memoria Xustificativa do presente convenio.

Terceiro.- O Xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais emite informe xurídico concluíndo que non existe inconvinte legal para que a Xunta de Goberno Local aprobe o convenio entre o Concello e a Diputación para a cesión a este da *TITULARIDADE DA "E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330). LUGAR DE PORTO, ENTRE O REGATO QUINTIÁN E O Nº 77 DA ESTRADA DO PORTO, E O FINANCIAMENTO E EXECUCIÓN DAS OBRAS PRECISAS PARA A SÚA TRANSFORMACIÓN E AMPLIACIÓN.*

FUNDAMENTOS

1.- Lexislación aplicable

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro de Transparencia
- Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Lei de administración local de Galicia, 5/1997, do 22 de xullo
- Normativa reguladora da contratación das Corporacións locais, constituída pola polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público e RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local
- RDL 781/1996, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)RD 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (RBEL)
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións
- RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da lei xeral de subvencións
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- D 11/2009 de 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia
- Bases de execución orzamento Concello De Vigo 2016

II.- Convenio

A celebración de convenios de colaboración entre entidades de dereito público, atópase prevista nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector Público, así como 194 e 195 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia

En canto ó seu contido e procedemento, axustado á lexislación de procedemento administrativo e de subvencións, detállase no informe xurídico obrante no expediente.

O interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio, recóllese na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art 199 LALG.

Trataríase, por unha parte, da cesión da titularidade dun tramo de vial motivado pola integración na actualidade en boa parte na trama urbana da cidade, irá pasando, por esta circunstancia e progresivamente, por tramos, á titularidade municipal. A transformación e humanización deste concreto tramo da Estrada do Porto e a cesión da súa titularidade ao Concello de Vigo constitúe, pois, o primeiro paso neste proxecto compartido coa Deputación Provincial de adecuación sostible das infraestruturas viarias do termo municipal de Vigo e asunción da titularidade e responsabilidade do servizo público viario nos tramos humanizados

III.-Procedemento e competencia

Consta no expediente de aprobación do convenio os documentos necesarios para a súa tramitación: informe técnico, orde de inicio, memoria do convenio e texto do mesmo e informe xurídico.

O artigo 25. 2. d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, na redacción dada pola lei 27/2013, atribúe ás Administracións municipais competencia en materia de infraestrutura viaria.

No orzamento do ano 2017, aprobado inicialmente polo Pleno Municipal figura crédito adecuado e suficiente para a anualidade do ano 2017 na aplicación orzamentaria 1532.6190009.

Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello de Vigo.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio .

O art. 8.1. letra “b” da Lei de transparencia obriga a dar publicidade do convenio que se aprobe.

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

PROPOSTA

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Diputación provincial de Pontevedra para A *CESIÓN POR PARTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA AO CONCELLO DE VIGO DA TITULARIDADE DA “E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330). LUGAR DE PORTO,*

ENTRE O REGATO QUINTIÁN E O Nº 77 DA ESTRADA DO PORTO, E O FINANCIAMENTO E EXECUCIÓN DAS OBRAS PRECISAS PARA A SÚA TRANSFORMACIÓN E AMPLIACIÓN, transcrito como Anexo.

Segundo.- Solicitar da Deputación provincial de Pontevedra a aprobación e suscripción do citado convenio que se anexa.

Terceiro.- Asumir as obrigas económicas do convenio nos termos do mesmo. Trátase dun gasto plurianual, coa seguinte distribución de anualidades para o Concello de Vigo: 2016- 0, 2017- 207.420,30; 2018- 829.681,20; polo que se modifican as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais.

Para a súa financiación, aplicaranse os créditos do orzamento do ano 2017 aprobado definitivamente no Pleno do Concello de Vigo de data 27.12.2016, incluídos na aplicación orzamentaria 1532.6190009 "Conv. Infraestructura Dep. Pontevedra, % F.Propia". A anualidade do ano 2018 debe ser incorporada nos orzamentos do citado ano.

En relación ao proceso de adxudicación debe indicarse que de producirse baixa no prezo de adxudicación, a contía da baixa será de aplicación no importe que corresponda aportar ao Concello de Vigo.

Cuarto.- Comprometerse a dar cumprimento ás condicións do convenio nos termos do mesmo.

Quinto.- Dar conta do presente acordo á Concellería de Xestión municipal ós efectos de publicidade

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA A CESIÓN A ESTE DA ESTRADA PROVINCIAL E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330) . LUGAR DE PORTO E PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330) . LUGAR DE PORTO.

En Vigo, ____ de _____ de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, Dona María del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, na representación legal que da mesma lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra, Don Abel Caballero Álvarez, Alcalde-Presidente do Concello de Vigo, na representación legal que desta Administración municipal lle atribúe o artigo 124.4.a) do mesmo texto legal.

Interveñen, en calidade de secretaria do Concello de Vigo, D^a M^a Concepción Campos Acuña e, como secretario xeral da Deputación de Pontevedra, D. Carlos Cuadrado Romay, que dan fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes declaran e se recoñecen mutuamente a capacidade e a representación necesaria para a sinatura do presente convenio de colaboración, e a estes efectos

EXPOÑEN

I.- Que a rede de estradas da Deputación Provincial de Pontevedra inclúe no termo municipal de Vigo, entroutras, a “E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330). LUGAR DE PORTO”; estrada provincial que presenta características máis urbanas no tramo entre Ramiro Pascual e o nº 77 de aprox. 1,2 km de lonxitude, cun ancho de vial de aprox. 12 m con existencia de beirarrúas. Sen embargo, no tramo entre o nº 77 (próximo a intersección con Estrada da Venda) e Regato Quintián, de 1,2 km de lonxitude presenta un ancho de aprox. 7 metros cun trazado máis sinuoso e sen presenza de beirarrúas. Neste último tramo presenta inseguridade vial debido a coexistencia do tráfico peonil e rodado na mesma plataforma co agravante do sinuoso trazado que aumenta o risco de accidente.

II.- Que, como vial con características urbanas na que concorren as circunstancias sinaladas no artigo 8 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia, ambas administracións públicas consideran que o devandito treito urbano da “E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330). LUGAR DE PORTO, entre o Regato Quintián e o nº 77” debe adquirir a condición de vía con características urbanas, pasando a súa titularidade ao Concello de Vigo e adaptando este treito para acadar unha sección mínima de 12 metros de ancho de modo que se poidan dispoñer espazos protexidos para a circulación peonil, mellorar o trazado do vial e anhear a calzada para mellorar a circulación rodada, así como a reorganización de usos, e a implantación de determinados servizos soterrados que a actual situación de rúa urbana demanda.

III.- Que, a fin de iniciar as actuacións conducentes á adaptación e transformación sostible do devandito treito urbano da “E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330) . LUGAR DE PORTO, entre o Regato Quintián e o nº 77”, os servizos técnicos do Concello de Vigo elaboraron a “Memoria-resumo da AMPLIACIÓN ESTRADA DO PORTO, ENTRE REGATO QUINTIÁN E O Nº 77”; memoria que, achegada como anexo ao presente convenio, ten por obxecto definir sucintamente e valorar o custe de execución das obras para que se poidan dispoñer espazos protexidos para a circulación peonil, mellorar o trazado do vial e anhear a calzada para mellorar a circulación rodada, así como a reorganización de usos, e a implantación de determinados servizos soterrados, que sirva de base para a futura tramitación e redacción do correspondente proxecto construtivo.

IV.- Que na devandita memoria estímase o orzamento de execución por contrata das obras para a humanización do treito urbano obxecto do presente convenio na cantidade de 3.311.770,00 euros (IVE incluído) e en 145.235,00 euros, (IVE incluído), os custes de redacción de proxecto, asistencia técnica á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde, do que resulta un custe estimado total para a actuación de humanización da rúa de 3.457.005,00 euros.

V.- Que, no exercicio das súas respectivas competencias, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, con data 20 de novembro de 2015, asinaron un protocolo de colaboración en orde a afondar na colaboración administrativa entre ambas institucións e, especialmente, para a cooperación na planificación e execución dos proxectos e actuacións que no propio convenio se sinalan; actuacións e proxectos entre os que se inclúen, no que

ao presente convenio importa, os encamiñados á transformación sostible da infraestrutura viaria no Concello de Vigo.

VI.- Que no devandito protocolo de colaboración se convén que as distintas actuacións nel previstas, se desenvolverán a través de convenios específicos, cuxa execución administrativa, técnica e contractual corresponderá ao Concello de Vigo, que deberá observar os procedementos de avaliación e seguimento da execución dos convenios a establecer nestes.

VII.- Que, de acordo coas precedentes consideracións, co obxecto de iniciar o procedemento previsto na vixente Lei de Estradas de Galicia para a entrega ao Concello de Vigo da “E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330). LUGAR DE PORTO, entre o Regato Quintián e O Nº 77”, manifestar ámbalas dúas administracións locais a súa conformidade coa dita cesión da titularidade do dito treito e, en desenvolvemento do protocolo de colaboración arriba referido, que contempla, segundo vai dito, como un dos seus obxectivos estratéxicos a transformación sostible das infraestruturas viarias e dotacionais, como é a referida “Memoria-resumo da AMPLIACIÓN ESTRADA DO PORTO, ENTRE REGATO QUINTIÁN E O Nº 77”, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra acordaron aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan agora os aquí comparecentes, con arranxo ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

É obxecto do presente convenio iniciar o procedemento previsto na vixente Lei de Estradas de Galicia para a cesión por parte da Deputación Provincial ao Concello de Vigo da titularidade da “E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330) . LUGAR DE PORTO, entre o Regato Quintián e o nº 77”; manifestar a conformidade de ámbalas dúas administracións locais na dita cesión de titularidade e articular a colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo para o financiamento e a execución das obras precisas para a transformación e demais actuacións contempladas na “Memoria-resumo da AMPLIACIÓN ESTRADA DO PORTO, ENTRE REGATO QUINTIÁN E O Nº 77”.

SEGUNDA.- OBRIGAS E DEREITOS PARA AS PARTES ASINANTES.

PARA A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

1) A Deputación Provincial de Pontevedra obrígase a iniciar, de conformidade co disposto nos artigos 8 e 9 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia, e concordantes do seu regulamento de desenvolvemento, o procedemento para a entrega ao Concello de Vigo da “E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330) . LUGAR DE PORTO, entre o Regato Quintián e o nº 77”; procedemento para o cal a sinatura do presente convenio ten para o Concello de Vigo a consideración de solicitude formal de entrega y para a Deputación Provincial de Pontevedra manifestación expresa da súa conformidade coa cesión da titularidade.

2) Aprobada que sexa pola Administración Provincial a cesión da titularidade da “E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330) . LUGAR DE PORTO, entre o Regato Quintián e o nº 77”, a Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a financiar os custes derivados da realización das obras, redacción de proxecto, asistencia técnica á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde, cunha achega integral do setenta por cento das cantidades estimadas na memoria “Memoria-resumo da AMPLIACIÓN ESTRADA DO PORTO, ENTRE REGATO QUINTIÁN E O Nº 77”, como cus-

tes da ditas actuacións, isto é ata a cantidade máxima de 2.419.903,50 euros, que será librada contra a presentación das correspondentes certificacións de obra e facturas do gasto efectuado e na parte proporcional do financiamento e de ser o caso na certificación final será liquidado o importe restante ata o abono integral do importe comprometido.

A financiación comprometida pola Deputación Provincial de Pontevedra terá carácter definitiva.

3) A Deputación Provincial someterá os proxectos de obra obxecto deste convenio á supervisión e comprobación dos seus servizos técnicos, e se o estima oportuno, poderano someter á aprobación do órgano de goberno que corresponda, coa finalidade de autorizar as actuacións previstas nos mesmos.

4) A Deputación Provincial poderá inspeccionar a execución das obras obxecto do presente convenio e formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e aos responsables dos respectivos contratos a emisión das ordes e instrucións que procedan

5) Non obstante, as actuacións estarán sometidas á comprobación explícita da execución da obra por parte dos servizos técnicos da Deputación Provincial.

6) Nas subvencións de capital superiores a 60.000 euros, no seu cómputo individual, destinadas a investimentos en activos tanxibles, será requisito imprescindible a comprobación material da inversión polo órgano concedente debendo quedar constancia no expediente xustificativo.

7) A comprobación material definida no parágrafo anterior poderase encomendar a outro órgano distinto do que concedeu a subvención.

PARA O CONCELLO DE VIGO:

O Concello de Vigo, pola súa parte, aprobada que sexa pola Administración autonómica a cesión da titularidade do tramo urbano de referencia, obrígase a:

- 1)** Redactar e aprobar o/s correspondente/s proxecto/s de obra, debendo remitir un exemplar aprobado á Deputación Provincial.
- 2)** Contratar as asistencias técnicas á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.
- 3)** Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- 4)** Financiar os custes derivados da realización das obras, redacción de proxecto, asistencia técnica á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde, ata a cantidade do trinta por cento das cantidades estimadas na memoria "Memoria-resumo da "AMPLIACIÓN ESTRADA DO PORTO, ENTRE REGATO QUINTIÁN E O Nº 77" como custes da ditas actuacións, isto é ata a cantidade máxima de 1.037.101,50 euros.
- 5)** Licitar, dirixir, executar, controlar e recibir as obras segundo os correspondentes proxectos técnicos.
- 6)** Remitir, unha vez formalizados os contratos de obra, unha copia destes á Deputación Provincial, e comunicar a data e hora en que terá lugar a comprobación do replanteo, á que asistirá, de consideralo procedente un representante da Deputación.

7) Xustificar perante a Deputación os investimentos realizados mediante a expedición das correspondentes certificacións de obra aprobadas polo órgano competente do Concello.

8) Comunicar á Deputación a data e hora en que terá lugar o acto de recepción das obras, ao que asistirá, de consideralo procedente, un representante da institución provincial.

9) Dar a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que as obras obxecto do mesmo se levaron a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.

10) Levar a cabo o mantemento e conservación das infraestruturas obxecto deste convenio, tendo a asunción da dita responsabilidade desde o día seguinte ao da formalización da acta de recepción de obras coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas.

11) Destinar os fondos percibidos ó obxecto concreto para o que foron concedidos.

12) Unha vez finalizadas as actuacións o Concello queda obrigado a remitir unha memoria á Deputación onde se xustifique o cumprimento dos obxectivos acadados e o cumprimento da obriga de difusión da colaboración da Deputación nestas actuacións.

13) Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.

14) Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ó Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

15) Asemade, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, na Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

PARA AMBAS ADMINISTRACIÓNS:

No menor prazo posible, que non excederá en ningún caso os dous anos, estas administracións, comprométese a estudar a transferencia total ó Concello de Vigo de dito viario, unha vez analizadas as posibles necesidades: de seguridade viaria, peoniles, de accesibilidade e outras.

TERCEIRA.- EXECUCIÓN DO CONVENIO

1º.- A execución das actuacións e contratos a que o presente convenio se refire e o financiamento dos mesmos por parte de ambas institucións terá lugar durante os anos 2016, ao 2018, unha vez aprobada pola Administración Provincial a cesión da titularidade do tramo urbano de referencia, nos importes que de seguido se indican:

	TOTAL DA APORTACIÓN MÁXIMA	2016	2017	2018
--	----------------------------	------	------	------

Deputación Provincial de Pontevedra	2.419.903,50 €	800.000,00 €	1.619.903,50 €	0,00 €
Concello de Vigo	1.037.101,50 €	0,00 €	207.420,30 €	829.681,20 €
TOTAL INVESTIMENTO:	3.457.005,00 €	800.000,00 €	1.827.323,80 €	829.681,20 €

Non obstante, o eventual reaxuste das anualidades da execución dos citados contratos provocará o reaxuste das anualidades do presente convenio, a cuxo efecto o Concello de Vigo, previa proposta da Comisión de Seguimento do convenio, dará audiencia á Deputación Provincial de Pontevedra no expediente que se inicie para o reaxuste da anualidade de calquera dos ditos contratos e da resolución que se dite.

Os axustes económicos derivados de calquera modificación orzamentaria derivada da adxudicación ou da execución do contrato será asumida en relación as obrigas de financiación do Concello de Vigo.

2º.- Aprobado que sexa o proxecto das obras obxecto deste convenio, o Concello de Vigo remitirá copia do mesmo á Deputación Provincial para o seu coñecemento.

3º.- Formalizado o contrato de obras para a execución do proxecto a que se refire o anterior parágrafo, remitirase copia do mesmo á Deputación Provincial e comunicarse a esta, a data e hora en que terá lugar a comprobación do replanteo, á que asistirá, de consideralo procedente a Corporación provincial, un representante desta. A copia da acta que se levante será remitida á Deputación Provincial coa primeira certificación de obra que expida o director da mesma

4º.- O Concello de Vigo comunicará á Deputación Provincial a data e hora en que terá lugar, ao remate das obras do proxecto, o acto de recepción destas, ao que asistirá, de consideralo procedente a Corporación provincial, un representante ou facultativo desta. A Administración municipal remitirá á provincial copia da acta do dito acto de recepción e certificación das resolucións da Xunta de Goberno Local aprobatorias da recepción das obras executadas e da certificación final das mesmas.

5º.- En todo caso, a achega ao Concello de Vigo farase efectiva mediante transferencia bancaria, unha vez presentada a seguinte documentación.

- Orixinal ou copia compulsada das facturas expedidas polas empresas adxudicatarias dos traballos realizados.
- Certificacións de obra executada. Xunto coa primeira certificación se remitira unha proba gráfica da difusión dada ó investimento que se financia coa axuda da Deputación.
- Certificación ou acto de aprobación/conformidade dos gastos polo órgano municipal.
- Nomeamento do Director de obra e coordinador de seguridade e saúde.
- Contrato/s de adxudicación da/s obra/s, nos casos que sexa necesario.
- Acta/s de recepción, unha vez rematado/s os investimentos.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentas de resolución, para a actividade obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

O concello poderá realizar xustificacións parciais, que responderán ao ritmo de execución da obra, que se aboarán pola contía equivalente á xustificación presentada.

CUARTA.- PUBLICIDADE

En toda a documentación e informacións relativas ás actuacións a que se refire o presente convenio se incluírá a imaxe corporativa que a este fin facilite a Deputación Provincial de Pontevedra e nelas figurará, tamén, de maneira destacada o financiamento das ditas actuacións pola Deputación Provincial. Nas obras figurará sempre un panel informativo no que, ademais dos datos necesarios esixidos pola normativa municipal, figurará a imaxe corporativa da Deputación Provincial de Pontevedra e o financiamento da Administración provincial destas actuacións viarias.

QUINTA.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS

As achegas económicas previstas no presente convenio serán compatibles con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Porén, o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actuación subvencionada.

SEXTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO E CONTROL

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por tres representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento:

- A puntual recepción de información sobre tódalas as actuacións que se produzan na execución dos contratos a que este convenio se refire
- A coordinación entre as administracións asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten de ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.
- A emisión informe en relación coa necesidade do reaxuste da anualidade do convenio e en relación con cantas incidencias se produzan na execución dos contratos a que este se refire.
- A formulación das propostas que procedan en relación ás cuestións a que os seus informes se refiran.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime convinte o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros, e en todo caso unha vez ao mes. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao responsable da mesma e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións.

SÉTIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN

O presente convenio de colaboración entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o remate das actuacións previstas nel, fixándose en todo caso un prazo límite de execución ata o 31 de decembro de 2018. A vixencia do presente convenio de colaboración poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes.

OITAVA.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.

2º.- O acordo unánime dos asinantes.

3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinala, cumpra coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos prexuízos causados.

4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

NOVENA.- RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente Convenio por duplicado e a un só efecto no lugar e data sinalada no seu encabezamento.

8(1395).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA ESTORNINO, ENTRE GREGORIO ESPIÑO E XÍLGARO. EXPTE. 3968/440.

Visto o informe de fiscalización de data 28/12/16, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 28 de decembro de 2016, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

5.- Proposta de adxudicación.

- a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Estornino, entre Gregorio Espiño e Xílgaro (3968-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Estornino, entre Gregorio Espiño e Xílgaro, de 5 de agosto de 2016 (PCAP).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 5 de agosto de 2016, a Xunta de Goberno Local (XGL) acordou aprobar o expediente para a contratación por procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Estornino, entre Gregorio Espiño e Xílgaro, e a apertura do procedemento de licitación para a selección do contratista.

Segundo.- En data 23 de decembro de 2016, a XGL adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 9 de novembro de 2016, da empresa PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L. “pola inclusión de información doutra obra dentro da documentación recollida no sobre B”, segundo consta no informe do enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, a técnica media de Obras Públicas e o xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal do 7 de novembro de 2016.

Segundo.- Excluír deste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, consonte os informes asinados polo xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal o 21 de decembro de 2016:

1. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
2. OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A.
3. CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.
4. UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A. - ALVAC
5. ELSAMEX, S.A.
6. HORDESCON, S.L.
7. PROYECON GALICIA, S.A.
8. CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Estornino, entre Gregorio Espiño e Xílgaro (3968-440) na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	ORECO, S.A.	84,47
2	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	83,15
3	AVAN INTEGRAL, S.L.	82,03

4	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	81,97
5	CIVISGLOBAL, S.L.U.	81,78
6	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	80,62
7	UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U.	79,82
8	NAROM, S.L.	79,44
9	UTE 03 SERVICIOS Y CONTRATAS, S.L. - OGMIOS PROYECTO, S.L.	79,35
10	ORESA, S.L.	78,88
11	UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - COP-SESA	78,55
12	JOCA INGENIERIA Y CONSTRUCCIONES, S.A.	77,98
13	UTE ACEVI Y MONTAJES IGLESIAS	77,25
14	COPCISA, S.A.	76,57
15	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	76,24
16	SA DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	75,03
17	GEOXA GENERAL DE CONSTRUCCIONES, S.L.	19,27

Cuarto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
3. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
4. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
5. *Resgardo da garantía complementaria esixible de acordo co disposto no apartado 10B do Anexo I -FEC- do PCAP (“cando a oferta adxudicada, se corresponda cunha oferta cualificada inicialmente como en presunción de oferta anormal ou desproporcionada, e fora xustificada adecuadamente e admitida para a súa valoración”).*

Quinto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 651,02 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Terceiro.- En data 23 de decembro de 2016, este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO, S.A., que presenta a documentación requirida en data 27 de decembro de 2016, dentro do prazo concedido ó efecto.

Cuarto.- En data 28 de decembro de 2016, a Mesa de Contratación, procede a examinar tanto a documentación achegada como a solicitada de oficio por esta Administración, comprobando que esta é correcta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ORECO, S.A., tal e como desprendese dos informes de valoración das ofertas do enxeñeiro de camiños, canais e portos municipal, a técnica media de obras públicas e o xefe da oficina de supervisión de proxectos, de data 7 de novembro de 2016; e do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, de 21 de decembro do mesmo ano.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ORECO, S.A., o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Estornino, entre Gregorio Espiño e Xílgaro (3968-440) por un prezo de 872.200,45 €(IVE incluído) e cun incremento do prazo de garantía de 72 meses.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1396).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN FINAL DE OBRA DE “ACONDICIONAMENTO DA PRAZA DE TITULARIDADE MUNICIPAL SOBRE O MERCADO DO PROGRESO”. EXPTE. 78039/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 23/12/16, asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos municipal, o responsable do contrato, o xefe do Servizo Administrativo e Orzamentario da Área de Fomento, o xefe do Servizo Xurídico da Área de Fomento, o concelleiro delegado de dita Área, o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, e fiscalizado de conformidade polo interventor xeral, que di o seguinte:

A) Antecedentes

1.- a Xunta de Goberno Local, en sesión de 7 de novembro de 2014, adoptou entre outros o acordo de adxudicar á mercantil CIVISGLOBAL S.L., o contrato do Servizo de acondicionamento, mantemento e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo (en adiante C.M.I.V.C.V.).

2.- De conformidade co previsto no apartado 2.A das F.E.C. Do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (P.C.A.P.) e Cláusula 9 do Prego de Prescricións Técnicas Particulares (P.P.T.P) que serviron de base para a contratación, o contrato é de natureza mixta -de servizo e de obra- polo que no seu obxecto figuran ademais dos traballos de acondicionamento, mantemento, conservación e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo, a execución das obras que lle encargue o Concello ao contratista, previa redacción, pola súa conta, dos proxectos que no seu caso foran necesarios para solicitar as correspondentes autorizacións ou licenzas.

3.- Por orde de servizo do Concelleiro Delegado da Área de Fomento de data 25 de agosto de 2016, foi encargado a CIVISGLOBAL S.L., a execución das obras previas e necesarias para o acondicionamento da praza de titularidade municipal sobre o Mercado do Progreso.

O proxecto foi redactado polo técnico D. Fidel Fernández Mosquera. O seu presuposto foi elaborado cos prezos unitarios do Anexo I do P.P.T.P afectados da baixa do 29,74 % ofertada por CIVISGLOBAL S.L.

A oficina de Supervisión de Proxectos informou favorablemente o proxecto con data 14 de setembro.

Con data 23 de setembro de 2016 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o proxecto de “acondicionamento da praza de titularidade municipal sobre o Mercado do Progreso”, e encomendada a súa execución a CIVISGLOBAL S.L. con cargo ao C.M.I.V.C.V.

4.- Con data 28 de setembro de 2016 foi levantada acta de comprobación de replanteo.

B) Execución

O proxecto redactado polo técnico D. Fidel Fernández Mosquera da empresa CIVISGLOBAL S.L., estima un prazo de execución da obra de 2 meses.

Asinada o 28 de setembro de 2016 a acta de comprobación de replanteo, iniciáronse as obras ao día seguinte, 29 de setembro de 2016.

Non se produciron suspensións temporais da obra, polo que a data límite de finalización rematou o 28 de novembro de 2019.

C) Certificacións de obra.

Na execución das obras expedíronse as seguintes certificacións de obra executada.

CERTIF.	MES	DATA	BASE IMPONIBLE	IVE	LIQUIDO
Nº 1	setembro	10/10/16	5.951,39 €	1.249,79 €	7.201,18 €
Nº 2	outubro	11/11/16	44.370,29 €	9.317,76 €	53.688,05 €
Nº 3 e final	Novembro	05/12/16	19.346,83 €	4.062,83 €	23.409,66 €
TOTAL					84.298,89 €
IMPORTE PROXECTO					89.256,11 €
DIFERENCIA					4.957,22 €

D) Recepción

As obras remataron o día 24 de novembro de 2016. Con data 28 de novembro de 2016 foron recibidas as obras, levantándose a preceptiva acta de recepción, formulándose pola Dirección da obra a medición das realmente executadas, de acordo con proxecto aprobado, mostrando a contratista conformidade coa medición realizada; medición en base a cal o Director da obra redactou a correspondente relación valorada e expediu a correspondente certificación final polo importe arriba indicado.

A data da recepción das obras, o 28/11/16, inicia o prazo de garantía de 7 anos (84 meses) ofertados por CIVISGLOBAL S.L. para obras executadas, con finalización o 28 de novembro de 2023. O Director das obras deberá redactar informe sobre o estado das mesmas con data límite 13 de novembro de 2023 para proceder á liquidación do contrato.

Competencia para a aprobación:

De conformidade co previsto no artigo 235.1 do TRLCSP a competencia para a aprobación da certificación final de obra correspóndelle ao órgano de contratación, que de conformidade co previsto na disposición adicional segunda de dita norma, é a Xunta de Goberno Local ao ser Vigo un municipio de “gran poboación”.

Por isto, o funcionario que subscribe propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

ACORDO

Primeiro.- Aprobar, con cargo aos créditos do contrato C.M.I.V.C.V., a certificación nº 3 e final das obras “acondicionamento da praza de titularidade municipal sobre o Mercado do Progreso”, de data 5 de decembro de 2016, por importe de 23.409,66 €, IVE incluído, da que resulta unha contía total das obras realmente executadas de acordo co proxecto aprobado de 84.298,89, inferior en 4.957,22 € ao importe do proxecto — 89.256,11 €, IVE incluído— aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 23 de setembro de 2016.

Así, unha vez rematada a obra, recibida e realizada a medición xeral (recollida na certificación nº 3 e final), queda unha diferenza a favor do Concello de Vigo, sobre o orzamento base de licitación, que ascende a cantidade de 4.957,22 €.

Segundo.- Dar por recibidas as obras de “acondicionamento da praza de titularidade municipal sobre o Mercado do Progreso” cun prazo de garantía de 84 meses, con inicio o 28 de setembro de 2016 e finalización o 27 de setembro de 2023. O director das obras deberá redactar informe sobre o estado das mesmas con data límite 13 de novembro de 2023 para proceder á liquidación do contrato.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e trinta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

Abel Caballero Álvarez.

O CONCELLEIRO-SECRETARIO
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Cayetano Rodríguez Escudero.